

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2020/14	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «NECESIDADE DE ADOPCIÓN DE ACORDO EN RELACIÓN COS ASUNTOS RELACIONADOS»
<b>Data</b>	28 de decembro de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 21'00 ata as 22:12 horas
<b>Lugar</b>	SALON DE SESSIONS (Non admite a participación de público por mor das medidas de seguridade e distanciamento social derivadas da crise sanitaria do Covid-19)
<b>Presidida por</b>	Fátima Abal Roma
<b>Secretario</b>	Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor

### **ASISTENTES (16):**

PSDG-PSOE (4): D<sup>a</sup> María Cruz Leiro Peña, D. Samuel Lago Ozón, D<sup>a</sup> Milagros Martínez Piñeiro e Sra. Alcaldesa.

SOMOS CAMBADOS (3): D. Xurxo Charlín Trigo, D. Constantino Cordal Rodríguez e D. Fernando Patricio Rey

B.N.G. (2): D. Víctor Manuel Caamaño Rivas, D<sup>a</sup> Mariel Oubiña Vázquez.

P.P. (6): D. Luís Aragunde Aragunde, D<sup>a</sup> María Isabel Fole Trigo, D<sup>a</sup> Silvia Fernández Pérez, D<sup>a</sup> Sonia Agra Piñeiro, D. Juan Ramiro Gómez Blanco e D<sup>a</sup> Monica Montserrat Peña Otero.

CAMBADOS PODE (1): D. José Ramón Abal Varela.

Non asiste: D<sup>a</sup> María del Mar Núñez Chaves

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### **A) PARTE RESOLUTIVA**



### 1.- Expediente 5153/2020. Toma de coñecemento do escrito de renuncia presentado por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Núñez Chaves ao cargo de Concelleira

O Sr. Secretario, de acordo co artigo 9 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro da lectura ao escrito de renuncia de D<sup>a</sup> María del Mar Núñez Chaves (R.E.: 2020-E-RE-6252, de 11.12.2020) que literalmente di:

*"Yo, Doña **María del Mar Núñez Chaves**, mayor de edad, con D.N.I. 76863795A, vecina de Cambados, con domicilio en Lugar Forca 12 - Modia Vilariño, como mejor proceda en Derecho MANIFIESTO:*

*Que por problemas personales me resulta totalmente imposible atender las obligaciones que exige el cargo de concejal del Ayuntamiento de Cambados, por lo tanto, por medio de la presente expreso mi RENUNCIA a dicho cargo.*

*Para que así conste a los efectos legales oportunos, firmado"*

O Pleno toma coñecemento do escrito anterior.

### 2.- Expediente 5175/2020. Toma de posesión de D<sup>a</sup> Monica M. Peña Otero como Concelleira da Corporación Municipal de Cambados

Consta comunicación da Xunta Electoral Central de 10.12.2020 (R.E. 2020-E-RC-6293) na que se da traslado da credencial acreditativa da condición de electo a favor da candidata á que lle corresponde cubrir a vacante producida, D<sup>a</sup> Mónica Montserrat Peña Otero.

Consta a declaración de actividades e de causas de posible incompatibilidade e de bens formulada pola interesada na Secretaría da Corporación.

D<sup>a</sup> Mónica Montserrat Peña Otero xura o seu cargo a efectos da súa toma de posesión segundo o disposto no artigo 108 da Lei orgánica de réxime electoral xeneral baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979 do 5 de abril.

A continuación a Sra. Alcaldesa dálle a benvida adquirindo a plena condición de Concelleira e incorporándose á sesión.

### 3.- Expediente 2436/2020. Aprobación Conta Xeral 2019

O Sr. Secretario da conta do ditame da Comisión Especial de Contas, favorable, por catro votos a favor dos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode e tres abstencións do grupo municipal do PP do seguinte tenor literal,

*"Visto que a Intervención procedeu á formación da Conta Xeral do exercicio 2019 e emitiu informe sobre a mesma con data 21/10/2020.*

*Visto que Conta Xeral do exercicio 2019 foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada o 12/11/2020.*



Visto que a Conta Xeral do exercicio 2019 e o Ditame da Comisión Especial de Contas sobre ela, permaneceron expostos ao público durante quince días, contados dende a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 222, de 17 de novembro de 2020 así como no taboleiro de anuncios do Concello.

Visto que durante os quince días de exposición ao público e oito días máis, os interesados puideron presentar alegacións, prazo que finalizou ou día 21/12/2020.

Visto que, segundo certificado emitido por Secretaría con data 22/12/2020, durante o prazo de alegacións non se presentaron escritos de reclamacións, reparos ou observacións á Conta Xeral 2019.

Visto canto antecede e de conformidade co disposto no artigo 212.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en consonancia co artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao o Pleno a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2019.

**SEGUNDO.** Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.”

O Concelleiro de Economía, Sr. Charlín Trigo, da lectura á seguinte intervención:

“O Goberno local de Cambados saldou as contas correspondentes ao exercicio 2019 cun resultado orzamentario de superávit de 242.162,62 euros, segundo o resultado da Conta Xeral, e cun remanente de tesouraría de 86.134,65 euros.

No exercicio 2019 tivemos uns gastos totais de 10,1 millóns de euros, cuns investimentos en obras de case un millón de euros, e en acción social nos servizos sociais municipais, realizouse un investimento total de 679.216,78 euros.

No tócate a liquidez municipal, segundo o informe técnico indica que as arcas do Concello manteñen a peche de 2019 un saldo bancario de 1.238.249,62 euros.

A débeda viva pendente do concello de Cambados coas entidades financeiras, a peche do exercicio 2019, ascende a un total de 838.664,91 euros situando o endebedamento ao peche do anterior exercicio nun 7,26%, moi lonxe do máximo legal establecido no 110%. Por outra banda o concello de Cambados presenta unha liquidez xeral do 78,42% e unha liquidez a curto prazo do 112,01%, executándose o orzamento de gastos nun 85,10%, sendo a realización dos pagos no exercicio do 98,09% e a realización dos ingresos dun 99,06%.

Por ultimo, destacar que o período medio de pago a provedores non supera o límite legal previsto na normativa de morosidade (30 días), sendo o dato de Cambados de 4,17 días, polo que dende o goberno municipal queremos agradecer aos funcionarios dos departamentos de Intervención, Tesouraría e Contabilidade o gran labor que están a desenrolar e que fan posible o seu cumprimento anticipado.”

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) adianta o seu voto favorable ao proxecto de Conta Xeral 2019, en sintonía coa votación da Comisión Especial de Contas, aínda que matiza que naquel momento descoñecía o contido do Informe resumo anual dos resultados do control interno exercicio 2019, elaborado pola Intervención Municipal en decembro.

Lembra que no Pleno de marzo se facía referencia ao despilfarro na xestión por parte do goberno municipal (gastos do letreiro da rotonda de Vilariño, viaxes do goberno municipal...)



Cualifica o informe da Intervención Municipal de demoador e resume o seu contido:

1. Non se fixo control de ingresos no 2019.
2. Non hai control financiero dos beneficiarios de subvencións.
3. Non se aproba o Plan de control estratéxico de subvencións.
4. Non se elaborou o Plan anual de control financiero pola déficit de medios materiais e persoais existentes no Departamento de Intervención.
5. Constan 125 informes de reparo no 2019.

Considera honesto responsabilizarse da súa parte responsabilidade pola súa participación no anterior goberno pero considera inasumible esta xestión do Concelleiro de Economía neste ámbito.

Plantea a posibilidade de precisar dunha auditoría externa no Concello e adianta iniciativas do seu grupo político para controlar esta situación nos vindeiros Plenos.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que hai mes e medio comentaron a parte de responsabilidade do ano 2019 pola participación no goberno e adianta que o seu voto vai ser favorable.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) manifesta que o informe da Interventora da conta da xestión deficiente e da existencia de 125 reparos da Intervención Municipal.

Lembra que a de aquela oposición criticaba os 25 reparos da Intervención Municipal do goberno do Partido Popular.

En consecuencia do anterior manifesta a vontade do seu grupo de absterse neste punto da orde do día.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) explica que a motivación de que se emita este informe por primeira vez estriba en que é a primeira vez que a Lei o esixe.

Considera que moitas das medidas demandadas pola Interventora xa veñen de atrás e considera que se está a traballar nunha nova oferta de emprego público para paliar este déficit de persoal.

Di chamarlle a atención que o Sr. Abal Varela fale de despilfarro cando viaxou por toda Europa cando era concelleiro.

En relación á rotonda de Vilariño alude a que houbo un expediente sancionador da Axencia Galega de Infraestruturas por mor da súa instalación sen permisos.

Repara o procedemento para a concesión de subvencións e do control de ingresos para o cal se provou unha praza de Interventor Municipal na anterior lexislatura.



Clasifica os reparos de Intervención Municipal (62 corresponden a nóminas; 33 a axudas e subvencións; 28 a facturas e 3 a recoñecementos extraxudiciais que se trouxeron ao Pleno).

Di que o último ano do goberno do Partido Popular existiron 52 reparos e non 25 cando, ademáis, non había informes de fiscalización previa.

Di que se están a regularizar os diferentes contratos periódicos pero da conta da necesariedade de licitar e executar as obras do Plan Concellos 2018-2019 que quedaron sen licitar por parte da concellería de obras.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) solicita que se pubique no Portal de Transparencia a autorización da Xunta de Galicia que unicamente precisaba dun retranqueo de 30 centímetros para o cartel da rotonda de Vilariño.

Cualifica ao Sr. Charlín Trigo de mentiroso compulsivo e di que manifestou que está a tardar en adaptarse á lexislación vixente.

Acusa ao Sr. Charlín de condicionar a aprobación dos orzamentos a aprobación da súa dedicación e de persistir no seu argumento de que carece de tempo debe dimitir no seu cargo.

Pide, igualmente, que se publique no Portal de Transparencia o informe resumo anual dos resultados do control interno exercicio 2019.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que o Sr. Charlín ven recoñecer coa súa intervención a xestión irregular dos orzamentos.

Di que o Plan Concellos 2018-2019 estaba sen licitar e sen executar cando existían catro licitacións e con cambios de proxectos de investimentos. Critica unha xestión escasa e deficiente que ven afectar aos provedores do Concello.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) matiza, en relación á rotonda de Vilariño, que existía un procedemento sancionador que deu lugar a obriga da súa retirada.

Defende que non se queixa de non ter unha retribución, se non de non dispoñer de mais tempo para dedicarse ao Concello.

Di que o Plan Concellos 2018-2019 dependía dunha obra da Praza de Abastos que non dispón do Plan Especial por mor dos retrasos na tramitación achacables a Portos de Galicia.

Acusa ao Sr. Abal Varela de non tramitar as obras do Plan Concellos 2018-2019 e de contratar algunha delas con fondos propios cando xa existía subvención ao respecto.



O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) defende que desde o mandato iniciado o pasado maio de 2019 licitáronse e executáronse as obras do Plan Concellos 2018-2019 e está listo para executar o Plan Concellos 2020 cando, ademáis, apunta a que se dispón de menor tempo do que tiña o Sr. Abal.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

\*Votos a favor: dez (PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode)

\* Votos en contra: ningún.

\*Abstencións: seis (PP).

O Pleno, por maioría acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2019.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **4.- Expediente 5134/2020. Adhesión ao Convenio FEGAMP - XUNTA para tramitación proced. sancionadores por incumprimento medidas prevención COVID-19**

O Sr. Secretario da conta do ditame da Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, favorable, cos votos favorables de todos os grupos políticos asistentes á Comisión do seguinte tenor literal,

*“Comunicación da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (Dirección Xeral de Administración Local) instando á posibilidade de adherirse ao Convenio de referencia con anterioridade ao 15.12.2020.*

*Convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos Concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas pola loita contra o Covid-19*

*Resolución da Alcaldía do 14.12.2020 acordando a solicitude de adhesión ao Convenio e elevando o expediente ao Pleno para a súa aprobación.*

*Consta Memoria Xustificativa da conveniencia de aprobar o Convenio de referencia de 16.12.2020.*

*Constan informes de Secretaría de 16.12.2020 e da Intervención Municipal de 17.12.2020.*

*En uso das competencias atribuídas ao Pleno polo artigo 47.2 h) da Lei 7/1985 do 2 de abril e polo que se propón a adopción do seguinte,*

**ACORDO:**





*Prestar conformidade ao Convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos Concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas pola loita contra o Covid-19 "*

A Sra. Alcaldesa da conta do contido do Convenio e aos informes favorables, de Secretaría e Intervención, que obran no expediente.

Explica que se trata dun asunto que xa tivo tratamento na Comisión Informativa e que se trata de prestar unha colaboración pola escasez de medios que ten a Administración Local para abordar esta cuestión.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) solicita o voto favorable para evitar que este tipo de sancións queden impunes.

Fai referencia aos sucesivos informes contradictorios da Avogacía do Estado, Consello Consultivo e da Deputación Provincial de Pontevedra.

Fai referencia ao traballo levado a cabo pola Policía Local velando polo cumprimento da normativa.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) di que a pandemia da Covid-19 require de todo un desafío.

Solicita a convocatoria da Comisión de reconstrucción económica e social que se acordou constituír no Pleno de xullo de 2019 e que corresponde presidir á Sra. Alcaldesa.

Di que esa Comisión de reconstrucción ten a mesma personalidade xurídica que a constituída co motivo da Cidade Europea do Viño e non hai disculpa para que non se convoque.

Solicita que se traballe nuns orzamentos novos, dada a situación actual, e manifesta que se vai apoiar ao goberno local nos temas do Covid pero solicita que se atenda as peticións da oposición neste eido.

A Sra. Alcaldesa, en relación Comisión de reconstrucción económica e social, apunta a que a Comisión se planteaba por parte do proponente como unha Comisión de seguimento dun Convenio que non existe.

Polo tanto, solicita aclaración ao Sr. Abal Varela en relación a que tipo de Convenio ten que asinarse para crear a Comisión e remítese ás consideracións do informe de Secretaría, desfavorable, neste punto.

Pide aclaración, igualmente, en relación a aspectos como as dietas, indemnizacións dos membros da Comisión e fai alusión a inexistencia de informe de Intervención a este respecto.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) agradece que lle pregunte polo



contido do Convenio despois de seis meses.

Insiste en que a configuración da Comisión é idéntica a constituída co motivo da Cidade Europea do Viño e o Convenio asinado carece de carácter vinculante.

A Sra. Alcaldesa pregunta polas horas de celebración das sesións e por se habería que abonar con horas extraordinarias ao persoal que exercese a Secretaría.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) propón como horario as 20:00 horas da tarde e considera razoable que se indemnice ao funcionario do Concello de Cambados que asuma a Secretaría da Comisión.

Manifesta que o informe de Secretaría non é desfavorable e o seu contido é moi similar ao emitido no seu día por parte do Secretario de entónces para a Cidade Europea do Viño.

Expón que no seu día a Sra. Alcaldesa votou a favor dunha Comisión de análogas características.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que desde a pandemia todas as Administracións estiveron superadas polas circunstancias e parece lóxico que o goberno galego bote unha man nun asunto que supera as competencias dos Concellos galegos en relación a este tipo de cuestións.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) da conta dos apuros que están a padecer o sector da hostelería e o comercio que lles fai non chegar a fin de mes.

Di que aínda que existen axudas da Xunta de Galicia seguramente sexan insuficientes, e anima a xestionar axudas en coordinación con outras Administracións reclamando, igualmente, axudas da Deputación Provincial de Pontevedra neste eido. Da conta que se lle está a pasar o recibo do lixo e das terrazas sen a rebaixa que se prometeu.

Solicita que se busquen solución reais, á marxe de Comisións e fotografías, que se xestione e visite aos afectados.

O Partido Popular di que se pon a favor de calquer actuación en beneficio das familias a través de Servizos Sociais.

Conclúe mantendo a necesidade de outorgar axudas directas a todos estes colectivos.

A Sr. Alcaldesa plantea as axudas da Deputación Provincial de Pontevedra ao Concello de Cambados con destino á Covid-19.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) matiza que á hostelería e comercio, non.

A Sra. Alcaldesa di que cada Administración ten as súas competencias e que hai que apoiar a todos os colectivos.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) da conta das bonificacións aprobadas na





etapa de confinamento.

Explica que as liquidacións do 2020 devénganse no ano 2021 e que se terá en conta esta cuestión nese momento.

Pon por exemplo o impacto que produciría a asunción de axudas directas a autónomos e fai referencia a que o Concello está a asumir de forma directa os gastos de limpeza de colexios e centros de saúde que debería asumir a Xunta de Galicia.

Defende que o resto das Administracións deben asumir os seus gastos e competencias e confía en que a Xunta de Galicia mitigue as restriccións aprobadas tendo en conta que o argumento estribaba en pechar mais en novembro para que en decembro se puidese abrir en maior medida comercio e hostelería. Pide, igualmente, que non se recorten as transferencias de capital por parte da Xunta de Galicia.

A Sra. Alcaldesa considera, convinte, igualmente a celebración dunha Xunta de Portavoces tras a celebración das festas.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) pide que o sector da hostelería e o comercio demanda solucións conxuntas e propón medidas a adoptar. Demanda un traballo conxunto, sexa nunha Comisión ou nunha Xunta de Portavoces.

A Sra. Alcaldesa di ser consciente da gravidade da cuestión, e fai referencia a que o descenso de ingresos pode provocar a imposibilidade de prestar determinados servizos públicos como pode ser a limpeza de centros de saúde e colexios. Comparte a necesidade de apoiar as familias e colectivos afectados pola pandemia.

Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte,

#### **ACORDO:**

Prestar conformidade ao Convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos Concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas pola loita contra o Covid-19.

#### **5.- Expediente 1507/2020. Informe resumo anual dos resultados do control interno exercicio 2019**

Polo Secretario dase conta do informe de Intervención, relativo ao resumo anual dos resultados do control interno correspondente ao exercicio 2019.

O Pleno toma coñecemento do referido informe.



A Sra. Alcaldesa conclúe o Pleno felicitando as festas e desexando un próspero aninovo agardando que o 2021 veña mellor que o ano que remata.

E non tendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

